



# Comentario dun plano urbano (páx. 384)

Un **plano urbano** é a representación cartográfica dos espazos construídos e libres da cidade. Todas as cidades cunha longa historia presentan un plano urbano complexo no que poden apreciarse distintas áreas correspondentes ás diferentes etapas do desenvolvemento urbano: o *casco antigo*, o *ensanche* e a *periferia*.



## Comentario do plano urbano do casco antigo\* de Toledo

O **emprazamento\*** de Toledo, sobre un outeiro que rodea en parte o río Texo, ten un carácter eminentemente defensivo. A súa **situación\***, xunto a un vao polo que podía cruzarse facilmente o río a pé, ten a misión de facilitar as comunicacións, pois Toledo se sitúa nunha posición estratéxica nas vías de comercio e comunicación, ao ser paso obrigado nas rutas cara ao sur peninsular.





## a) O casco antigo


O *casco antigo* posuía **murallas**, das que se conservan aínda hoxe unha parte importante. Estas murallas tiñan unha función defensiva, fiscal e sanitaria.



O **plano** do *casco antigo* é irregular, de rúas estreitas e tortuosas, que conservan en boa parte o trazado musulmán (adarves, currais, prazas, patios...). Tamén pódense observar prazas e avenidas máis amplas que corresponden a reformas urbanísticas posteriores, realizadas na Idade Moderna ou no s. XIX.



# TOLEDO




-  muralla del recinto visigodo
-  muralla árabe
-  núcleo medieval
-  judería
-  la ciudad en el s. XVI
-  crecimiento urbano hasta fines del s. XVIII
-  desarrollo de 1800 a 1940
-  crecimiento de 1940 a 1960
-  expansión contemporánea

- ① Puerta Nueva de Bisagra
- ② Puerta Vieja de Bisagra
- ③ Sinagoga del Tránsito y Museo Sefárdi
- ④ Mezquita del Cristo de la Luz
- ⑤ Iglesia de San Juan de los Reyes
- ⑥ Iglesia de Santa Cruz
- ⑦ Sinagoga de Sta. María la Blanca
- ⑧ Palacio de Fuensalida (Sede de Presidencia de la Junta de Castilla-La Mancha)

E. 1:20.000

A **trama\*** é cerrada e compacta, debido a que o crecemento da cidade tivo lugar durante séculos dentro do espazo intramuros.

A **edificación** tradicional é de baixa altura (aínda que non pode apreciarse no plano), pero experimentou unha progresiva verticalización. Quedan restos de destacados edificios históricos e artísticos, de diversas épocas e culturas: musulmáns (zocos, mesquitas...), xudeus (barrio da xudería, sinagogas...) e cristiáns (igrexas, a catedral gótica, monasterios, conventos, o Alcázar renacentista...).













Mesquita de Bad al-Mardum



Plaza de Zocodover

Os **usos do solo** tradicionalmente eran residencias, comerciais e artesanais (panos, damasquinados, armas...). Actualmente esta zona está perdendo usos residenciais, polo deterioro de moitas vivendas, e presenta importantes usos terciarios (oficinas, comercios, restaurantes...), en moitos casos relacionados co importante turismo que atrae esta zona da cidade, tanto pola súa configuración urbana como polos destacados monumentos históricos e artísticos que posúe.





**Socialmente**, no pasado conviviron na cidade diversas razas e culturas (musulmá, cristiá e xudea), pero en barrios separados, feito do que quedan mostras no *casco antigo* (Barrio da Xudería). Actualmente hai un progresivo avellentamento dos grupos sociais que viven nesta zona, debido á antigüidade e deterioro dos inmobles.



Os principais **problemas** que afectan hoxe ao *casco antigo* son o progresivo abandono dos inmobles pola deficiente conservación das vivendas, o deterioro dos edificios históricos e a saturación e conxestión de oficinas, equipamentos e comercios. Todo isto esixe políticas de rehabilitación morfolóxica e funcional.



iniciativa  
ciudadana del  
**TOLEDO HISTÓRICO**

**B** itacora

## b) O ensanche

A mediados do s. XIX, o crecemento de Toledo, que se tiña paralizado desde o s.XVII, reanimouse co motivo da súa designación como capital provincial tras a nova división administrativa (1833) e coa chegada do ferrocarril (1858).

O crecemento extramuros tivo lugar mediante pequenos barrios, cuxa consolidación tivo lugar tras a Guerra Civil: núcleo de Santa Bárbara fronte á antiga estación, os barrios de San Antón, o Cristo da Vega, a Solanilla e San Martín.

Xunto a eles, a Avenida da Reconquista actuou como vertebradora do pequeno ensanche que se construiu e que, nese momento, non tivo relevancia espacial debido ao escaso dinamismo demográfico e económico de la ciudad.

*Avenida da Reconquista*



--- muralla del recinto visigodo

--- muralla árabe

● núcleo medieval

● judería


● la ciudad en el s. XVI

● crecimiento urbano hasta fines del s. XVIII

● desarrollo de 1800 a 1940

● crecimiento de 1940 a 1960

● expansión contemporánea



### c) A periferia

O gran impulso urbanístico de Toledo chegou tras a Guerra Civil, en forma de remodelacións internas e de expansións extramuros. Debeuse ao crecemento da poboación e á creación do polígono de desconxestión de Madrid nos anos 60.

Na periferia poden distinguirse diversas áreas en función dos usos do solo predominantes:

#### 1. Áreas residenciais de diverso tipo

- No Noroeste, correspóndense cunha expansión urbana ben planificada, que inclúe zonas de diversa calidade residencial (poboado da fábrica de armas; bloques da Avenida da Reconquista, Palomarejos, Buenavista e vivendas unifamiliares da carretera de Ávila).

- Xunto á estrada de Madrid, foi xurdindo un área residencial formada por barrios construídos de forma espontánea.

- Vivendas en torno ao polígono industrial de Santa María de Benquerencia, localizado ao leste da cidade. Este polígono obreiro sitúase a uns 5 kilómetros do casco antigo, sen continuidade física coa cidade, da que está separada por unha circunvalación.

*Área residencial de Buenavista*





Tras o final da Guerra Civil, a fábrica de armas (nacida no s.XVIII por orde de Carlos III) retomou a produción, no ano 1948 se inicia a construción dun poboado de vivendas para os traballadores.



## 2. Áreas industriais

A área industrial máis destacada é o polígono de Santa María de Benquerencia xa mencionado. Tivo un carácter mixto (de desconxestión industrial e residencial), foi ocupado por industrias pertencentes a diversos sectores, entre os cales atópanse algúns modernos como a electrónica ou as comunicacións (Castela–A Mancha Televisión).

A outra área industrial está nos arredores da fábrica de armas do s. XVII, actualmente utilizada como campus universitario.




*Centro  
histórico de  
Toledo*

*Polígono de Santa María  
de Benquerencia, área  
industrial e residencial.*

### 3. Áreas de equipamiento

Na periferia localízanse tamén equipamentos e infraestruturas consumidores de grandes espazos que non atopan sitio suficiente no centro da cidade, como a praza de touros, as instalacións deportivas, a universidade laboral, colexios, centros sanitarios, as infraestruturas de comunicacións (estradas e vías de circunvalación) e os centros comerciais.



CENTRO COMERCIAL LUZ DEL TAJO  
N-400 Entre el Barrio de Santa Bárbara y el Polígono Industrial!

horarios timetable	APERTURA	CIERRE/CLOSING		
	OPENING	Localities Población	Offices National y for de services Day before non-working and weekend	Restaurants Restaurants
Supermercado/ Tiendas	10:00	23:00	23:00	23:00
Restaurants Restaurants	12:00	23:00	00:00	01:00
Cafeterías/ Pastelerías	10:00	23:00	00:00	01:00
Cines Cinemas	16:00	00:00	00:00	01:00

*Centro comercial “Luz del Tajo”, situado entre o centro histórico e o Polígono de Santa María de Benquerencia.*